

Concello de Mondariz

Expediente núm.: 237/2023

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Subvencións Directas ou Nominativas

Interesado: BANDA DE MUSICA CULTURAL DE MONDARIZ

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a necesidade de subvencionar:

A promoción e desenrolo da cultura musical propia así como a formación musical dos membros que compoñen a Banda de música Cultural de Mondariz co obxecto de perpetuar a tradición musical do noso municipio.

Esta actividade obxecto da subvención é realizada por estas entidades:

Nome da entidade	Representante da entidade
Banda de Musica Cultural de Mondariz C.I.F. número G-36.292.746	María del Carmen Álvarez Toucedo, D.N.I. número 76.893.164-R en calidade de PRESIDENTA da BANDA DE MUSICA CULTURAL DE MONDARIZ.

Á vista das BEO 2021 prorrogadas para o exercizo 2023 respecto das SUBVENCÍONS DIRECTAS DE CARÁCTER EXCEPCIONAL:

“Con carácter excepcional, aquelas nas que se acrediten razóns de interés público, social, económico ou humanitario, que dificulten a súa convocatoria pública. Entre outras as seguintes:

(...) 2. Aquelas outras nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. O órgano competente para a concesión destas subvencións é o Alcalde ou órgano en quen delegue, previo informe de avaliación do responsable do departamento correspondente, acreditación da existencia de crédito adecuado e suficiente e informe de fiscalización.

O instrumento para canalizar as subvencións de concesión directa serán os convenios. O procedemento será o establecido no artigo anterior para as subvencións nominativas.”

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia en relación co artigo 28 da LGS e á vista de que o obxecto social destas entidades ten un claro e notorio carácter de interese público, social, cultural e incluso educativo.

Tendo en conta que as razóns que xustifican a concesión directa desta subvención son: *favorecer e promover todo tipo de actividades culturais, e entre elas ás relacionadas coa difusión e promoción da música popular e o apoio as bandas e grupos de música de carácter afeccionado e popular, entendendo que a música, nas súas múltiples e moi variadas manifestacións, foi sempre unha das das actividades sociais con maior arraigo e que mellor transmite a cultura e as tradicións dun pobo.*

Estas razóns debidamente xustificadas dificultan a súa convocatoria pública de acordo co artigo 22.2.c LGS.

Tendo en conta que o Concello de Mondariz conta con competencias en materia de “Promoción da cultura” conforme o art. 25.2 da lei 7/1985 de 2 de abril.

Consta no expediente solicitude de subvención por parte da entidade beneficiaria.

Visto informe de secretaría-intervención emitido o 16/02/23 así como o requerimento ordenado á entidade solicitante da subvención nominativa, Banda de Musica Cultural de Mondariz con C.I.F. número G-36.292.746, para que no prazo de 10 días, subsane as deficiencias da súa solicitude e enmende a mesma.



Concello de Mondariz

Visto informe de fiscalización con observacións emitido pola intervención municipal en data 02/03/23.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co artigo 21.1 f) e s) da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Outorgar unha subvención directa para o financiamento dos gastos correntes derivados do funcionamento da Banda de Música de Mondariz na promoción e desenvolvemento da cultura musical propia así como a formación musical dos membros que compoñen a Banda co obxecto de perpetuar a tradición musical do noso municipio (gastos de teléfono, desprazamentos, compra e reparación de instrumentos musicais, gastos de material de oficina e imprenta, gastos derivados da participación en festivais, gastos salariais, seguros relacionados coa actividade etc.) aos seguintes beneficiarios polas cantidades que se indican:

Nome da entidade	Importe
Banda de Musica Cultural de Mondariz C.I.F. número G-36.292.746	9.900,00 euros

A presente subvención queda condicionada ó compromiso por parte da entidade beneficiaria de realizar cinco actuacións musicais ó longo de 2023 en beneficio deste Concello e os seus veciños e sen contraprestación económica que serán detalladas no convenio de colaboración que se asine.

SEGUNDO. Posteriormente, formalizar a concesión da subvención nun convenio que recolla as condicións e compromisos aplicables ao beneficiario e á entidade concedente, recollendo o carácter prepagable nunha porcentaxe do 50% do importe. O convenio terá o carácter de bases reguladoras da subvención.

TERCEIRO. Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da subvención, comunicando que o prazo para que se presente a documentación xustificativa da subvención finaliza o 15 de decembro de 2023 e fornecer a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións.

CUARTO. Notificar esta resolución a intervención e contabilidade para o rexistro contable da concesión da subvención e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



C/ Merouces, 16. Mondariz. 36870. Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
e-mail: info@mondariz.gal

